



**RESOLUCIÓN pola que se convocan para a elección de destino provisional a sete persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, convocado pola Orde do 22 de novembro de 2019 (DOG núm. 224, do 25 de novembro)**

De conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co obxecto de avanzar en facer efectivo o dereito da cidadanía a relacionarse electronicamente coas administracións públicas e a conseguinte obriga destas de dotarse dos medios e sistemas necesarios para que ese dereito poida exercerse, cómpre incorporar unha tramitación electrónica á fase de elección de destino das persoas aspirantes que superaron un proceso selectivo convocado pola Dirección Xeral da Función Pública.

A resolución dítase por delegación, de conformidade co establecido na Orde do 8 de xaneiro de 2020 sobre delegación de competencias na Dirección Xeral da Función Pública, publicada no DOG núm. 16, do 24 de xaneiro.

Unha vez finalizado o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, convocado pola Orde do 22.11.2019 (DOG núm. 224, do 25.11.2019); e visto o Acordo do 13 de decembro de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, convocado pola Orde do 22 de novembro de 2019, polo que se dá publicidade a sete novas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo (DOG núm. 241, do 21 de decembro); e unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos exixidos nestas por parte destas sete persoas aspirantes co obxecto de adxudicarlles destinos provisionais, e segundo a base IV.6 das respectivas convocatorias, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro. Publicar como anexo I a relación de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e que, segundo a base IV.6, da convocatoria son convocadas á elección de destino provisional, segundo a orde que, en aplicación das bases das convocatorias, deberá seguirse para os efectos da adxudicación de destino.

Segundo. Os postos ofertados e os requisitos esixidos para a súa ocupación figuran como anexo II desta resolución. As persoas aspirantes elixirán as prazas ao subgrupo ao que acceden e de conformidade co indicado no anexo II desta resolución.

Terceiro. Para o acceso á aplicación informática para a elección de destino, a Dirección Xeral da Función Pública remitirá ás persoas aspirantes un correo electrónico co usuario e a clave de acceso á aplicación de cada un dos procesos selectivos.

No prazo máximo de dous (2) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, a persoa aspirante, no suposto de que non recibise correctamente o seu usuario e clave, deberá poñerse en contacto co servizo informático da Dirección Xeral da Función Pública, no teléfono 881 999 883, para que se lle faciliten os datos necesarios.

Unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior, abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles para que as persoas aspirantes que constan no anexo I desta resolución seleccionen telematicamente, a través do sistema electrónico, os destinos ofertados por orde de prelación.





A elección de destinos deberá realizarse a través do sistema electrónico a que se poderá acceder a través da páxina web da Dirección Xeral da Función Pública [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal), seguindo a ruta «Función pública»–«Procesos selectivos».

Cuarto. Para a selección de destinos as persoas aspirantes deberán acceder ao sistema electrónico e proceder da seguinte forma:

Unha vez que acceda ao seu expediente electrónico, a persoa aspirante deberá, en primeiro lugar, elixir entre as opcións «Renuncia», «Solicitud de excedencia» ou «Escoller posto».

1º) De elixir a opción «Renuncia», deberaa presentar por escrito no rexistro da Xunta de Galicia no mesmo prazo previsto no parágrafo terceiro. A persoa aspirante que exerza esta opción quedará excluída do proceso e decaerá no seu dereito a ser nomeada persoal funcionario de carreira do subgrupo a que accede.

2º) De elixir a opción «Solicitud de excedencia», deberaa presentar por escrito no rexistro da Xunta de Galicia no mesmo prazo previsto no parágrafo terceiro, sempre que cumpra os requisitos esixidos no artigo 174 (excedencia por prestación de servizos no sector público) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Neste sentido, as persoas que a soliciten por prestar servizos noutra Administración deberán presentar a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos no mesmo prazo previsto no parágrafo terceiro.

3º) De elixir a opción «Escoller posto», a persoa aspirante seleccionará, por orde de preferencia, os destinos que se ofertan. No suposto de que escolla un número de prazas inferior ao da posición que ocupa no proceso, as persoas aspirantes que cumpran os requisitos esixidos no artigo 174 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, poderán solicitar ser declaradas en excedencia por prestación de servizos no sector público; o que deberán de manifestar mediante a presentación dunha solicitude por escrito e no mesmo prazo previsto no parágrafo terceiro, á que deberán achegar tanto a copia da última orde de prelación dos postos ofertados e seleccionados no sistema electrónico debidamente asinada como, no caso de solicitala por prestar servizos noutra Administración, a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos.

Quinto. Ás persoas aspirantes que non presenten a súa solicitude de elección no prazo sinalado; ou seleccionen un número de prazas inferior ao da posición que ocupan no proceso e non se lles adxudique ningún destino e non cumpran os requisitos para ser declarados en excedencia; ou non presentase a súa solicitude no xeito previsto nesta resolución; seranlles adxudicados en destino provisional os postos que lles correspondan atendendo á orde de publicación destes e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación dos postos ás persoas aspirantes presentes ou representadas, entre os que quedasen sen adxudicar.

Sexto. Todas as comunicacións que formulen as persoas aspirantes dirixiranse á Consellería de Facenda e Administración Pública, Dirección Xeral da Función Pública, Servizo de Selección (edificio administrativo San Caetano. Santiago de Compostela). Para isto, deberán empregar o modelo co código PR004A previsto na Orde do 4.5.2017 que aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, habilitado na sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal>; ou ben presentará a documentación nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Sétimo. Finalizado o prazo para a elección de destinos, a aplicación efectuará a adxudicación automática de destinos, en función do subgrupo ao que se accede e orde de prelación acadada por cada persoa aspirante no seu proceso e atendendo á orde de preferencia na selección de destinos efectuada por esta.

A adxudicación provisional ou definitiva de postos resolverase mediante resolución da consellería competente en materia de función pública e publicarase no DOG.

As persoas aspirantes nomeadas persoal funcionario de carreira e adxudicatarias con destinos provisionais dos postos de traballo relacionados nesta resolución disporán do prazo dun mes para tomar posesión do seu destino, desde o día seguinte ao da publicación no DOG.

As persoas aspirantes que obteñan un destino provisional deberán optar as prazas que se oferten na elección de destino definitivo.

Oitavo. Estará á disposición das persoas aspirantes información complementaria para a utilización da aplicación informática e a presentación das solicitudes de elección de destino, na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

Décimo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende esa mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

O conselleiro de Facenda e Administración Pública  
P.D. (Orde do 8 de xaneiro de 2020; DOG núm. 16, do 24 de xaneiro)  
José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública





ANEXO I

Nº de orde na elección de destino	Nº de orde no proceso selectivo	DNI	Apelidos e nome
1	79	***1027**	Rouco Vázquez, Begoña
2	80	***5676**	Novoa Vázquez, Rosa María
3	81	***6137**	Regueira Fernández, Noemí
4	82	***8380**	Martín Vicente, José Manuel
5	83	***7734**	Domínguez Castro, M <sup>a</sup> del Carmen
6	84	**6652**	García Formoso, Diana
7	85	***7290**	Vázquez Martínez, María





**ANEXO II  
Prazas ofertadas**

Nº	Código	Nome	Cons	Centro destino	Centro directivo	Concello	Adscr	Niv	Observacións
1	SAC020000515770013	Posto Base Subgrupo C1 (tarxeta sanitaria)	SA	S. X. de Planificación Sanitaria e Aseguramento	Secretaría Xeral Técnica	Santiago de Compostela	C1	14	Xornada mañá ou tarde
2	SAC020000515770016	Posto Base Subgrupo C1 (tarxeta sanitaria)	SA	S. X. de Planificación Sanitaria e Aseguramento	Secretaría Xeral Técnica	Santiago de Compostela	C1	14	Xornada mañá ou tarde
3	SAC020000515770015	Posto Base Subgrupo C1 (tarxeta sanitaria)	SA	S. X. de Planificación Sanitaria e Aseguramento	Secretaría Xeral Técnica	Santiago de Compostela	C1	14	Xornada mañá ou tarde
4	SAC020000515770011	Posto Base Subgrupo C1 (tarxeta sanitaria)	SA	S. X. de Planificación Sanitaria e Aseguramento	Secretaría Xeral Técnica	Santiago de Compostela	C1	14	Xornada mañá ou tarde
5	SAC020000515770012	Posto Base Subgrupo C1 (tarxeta sanitaria)	SA	S. X. de Planificación Sanitaria e Aseguramento	Secretaría Xeral Técnica	Santiago de Compostela	C1	14	Xornada mañá ou tarde
6	SAC020000515770010	Posto Base Subgrupo C1 (tarxeta sanitaria)	SA	S. X. de Planificación Sanitaria e Aseguramento	Secretaría Xeral Técnica	Santiago de Compostela	C1	14	Xornada mañá ou tarde
7	EIC030000215770015	Xefatura Grupo	EI	S. X. de Administración Industrial	Secretaría Xeral de Industria	Santiago de Compostela	C1-C2	14	
8	EIC992090115230004	Posto Base Subgrupo C1	EM	Oficina de Emprego de Cee	Servizos Periféricos	Cee	C1	14	
9	IVA100000015770054	Posto Base Subgrupo C1	IV	Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)	Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)	Santiago de Compostela	C1	14	
10	MAC040000015770028	Xefatura de Grupo	MA	Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Santiago de Compostela	C1-C2	14	
11	MRC060000115770011	Xefatura Grupo	MR	S. X. de Infraestruturas Agrarias	Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Santiago de Compostela	C1-C2	14	
12	MRC992004215560010	Posto Base Subgrupo C1 (Noia)	MR	Oficina de Noia	Servizos Periféricos	Noia	C1	14	
13	FCA200000015770022	Xefatura Grupo	FC	Axencia Tributaria de Galicia	Axencia Tributaria de Galicia	Santiago de Compostela	C1-C2	14	
14	FCA200000015770023	Xefatura Grupo	FC	Axencia Tributaria de Galicia	Axencia Tributaria de Galicia	Santiago de Compostela	C1-C2	14	
15	FCA200000415770026	Xefatura Grupo	FC	Área de Recadación	Axencia Tributaria de Galicia	Santiago de Compostela	C1-C2	14	





16	IVA100000015770053	Posto Base Subgrupo C1	IV	Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)	Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)	Santiago de Compostela	C1	14	
17	MRA110000215770011	Xefatura Grupo	MR	Xerencia	Axencia Galega de Calidade Agroalimentaria (AGACAL)	Santiago de Compostela	C1-C2	14	
18	SAC020000115770015	Xefatura Grupo	SA	Vicesecretaría Xeral	Secretaría Xeral Técnica	Santiago de Compostela	C1-C2	14	
19	PSC020000015770031	Posto Base Subgrupo C1	PS	Secretaría Xeral Técnica	Secretaría Xeral Técnica	Santiago de Compostela	C1	14	
20	PSC050000315770003	Secretario/a de subdirector/a xeral	PS	S. X. de Recursos Residenciais e de Atención Diúrna	Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade	Santiago de Compostela	C1-C2	16	
21	SAC020000415770001	Secretario/a de subdirector/a xeral	SA	S. X. de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios	Secretaría Xeral Técnica	Santiago de Compostela	C1-C2	16	
22	SAS020000215770001	Secretario/a de vicexerente/a	SA	Vicexerencia (Sergas)	Xerencia do Servizo Galego de Saúde	Santiago de Compostela	C1-C2	16	
23	EIC992090115110025	Posto Base Subgrupo C1	EM	Oficina de Emprego de Boiro	Servizos Periféricos	Boiro	C1	14	Destino: Noia

